

Anuncio de procedemento aberto, para a adxudicación con pluralidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria, do contrato de xestión do servizo público de axuda no fogar do Concello de Arzúa.

1. Entidade adxudicadora: Concello de Arzúa.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: "Xestión do servizo público de axuda no fogar do Concello".

b) Nomenclatura CPA-2008: 85310000-5

c) Lugar de execución: Arzúa.

d) Prazo de execución: 1 ano, a partir do día seguinte ao da formalización do contrato, podendo prorrogarse por períodos anuais, ata un máximo doutros dous anos.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: Ordinaria

b) Procedemento: Aberto.

c) Forma: Pluralidade de criterios de valoración.

4. Orzamento:

a) Orzamento máximo de licitación: 283.296 euros (IVE incluído ao 4%).

b) Revisión de prezos: De conformidade co establecido no artigo 89 do TRLCSP neste contrato non procede revisión de prezos.

5. Garantías:

a) Provisional: Non se esixe.

b) Definitiva: Do 5% do orzamento de licitación, excluído o IVE; é dicir, 13.620 euros (*5% de 272.400 euros*).

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Departamento de Secretaría do Concello e no perfil do contratante www.concellodearzua.com

b) Domicilio: rúa Santiago, nº 2.

c) Localidade e código postal: Arzúa -15810.

d) Teléfono: 981 500 000 – 981 815 001.

e) Telefax: 981 500 914.

f) Data límite de obtención de documentos e información: Ata as 14:00 horas do día en que remate o prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación: Non se esixe

b) Acreditación solvencia económica e financeira, solvencia técnica e profesional: polos medios sinalados na cláusula 11.3.1 do prego.

8. Criterios de valoración os seguintes detallados na cláusula 12ª do prego:

1. Avaliables mediante xuízos de valor:

- a) Proxecto técnico de desenvolvemento do servizo.....ata 45 puntos.
- b) Melloras.....ata 15 puntos.

2. Avaliables de forma automática mediante aplicación de fórmulas:

- c) Ofeta económica.....ata 25 puntos.
- d) Servizos complementarios ao servizo de axuda no fogar.....ata 10 puntos.
- e) Servizo de Transporte adaptado.....ata 5 puntos.

9. Presentación das ofertas:

- a) Data límite de presentación: 15 días naturais, a contar dende o seguinte ao de publicación do presente anuncio no último dos boletíns en que apareza (DOGA ou BOP).
- b) Documentación a presentar: A especificada na cláusula 11.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello.

10. Apertura das ofertas:

A Mesa de Contratación, ás 10.00 horas do terceiro día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación das proposicións, abrirá a documentación presentada nos "SOBRES A". Mentres que as datas de apertura dos sobres B e C (en acto público) anunciaranse previamente no taboleiro de anuncios do Concello e no perfil de contratante, nos termos sinalados no prego de cláusulas administrativas.

11. Gastos de publicación dos anuncios derivados desta contratación: serán por conta do adxudicatario ata un importe máximo de 1.500 euros.

Arzúa, 30 de xullo de 2015.

O alcalde

Asdo.: José Luis García López